

## Mesa Sectorial de 7 de novembro de 2024

### Dotación de prazas no SERGAS para o ano 2025

O SERGAS entrega un cadro coas prazas de nova creación que incluíron no borrador de orzamentos do SERGAS para o vindeiro ano, que como xa é habitual, sen negociación na Mesa Sectorial.

**CIG-Saúde esixe que se negocien no seo da Mesa Sectorial os incrementos de prazas, e os criterios obxectivos que se terán en conta á hora de determinar estas necesidades.**

**O número de prazas que nos presenta o SERGAS está claramente por debaixo das necesidades de persoal existente.**

No caso dos/as **dietistas-nutricionistas** o SERGAS confirma que a creación de prazas desta categoría vai ser de **45 profesionais**, isto supón unha **perda de mais da metade dos/as profesionais** que están a realizar este traballo a día de hoxe.

Informan que no caso dos/as dietistas-nutricionistas, **o persoal contratado actualmente prorrogará o vínculo actual ata o 28 de febreiro**. A partir desa data ofertaranse pola lista de contratacións as 45 interinidades creadas para o ano 2025.

O SERGAS non aclara cales son os centros onde vai retirar esta prestación sanitaria que se está dando, **CIG-Saúde** esiximos que previo á oferta destas 45 **interinidades se nos informe para que centros/áreas sanitarias van ir as prazas e en base a que criterios se fixo esta reestruturación da asistencia.**

**Ademais desde CIG-Saúde seguiremos defendendo que é unha categoría necesaria, que está a desenvolver unha labor moi importante e que a redución do número de profesionais vai levar consigo un empeoramento da prestación sanitaria.**

O SERGAS informa que respecto ao **persoal enfermeiro que está contratado para “asistencia domiciliaria” prorrogarán estes contratos un ano mais**, pero sen previsión de creación de ningunha destas prazas.

